

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0731	Estudo da cavidade oral	2025/2026	0	213	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSÉ PICO PICO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

### 2.1. Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Define a secuencia cronolóxica da formación e erupción dentaria, en relación coas fases do desenvolvemento embriolóxico
RA2 - Recoñece as estruturas anatómicas de cabeza e pescozo, e describe as súas características morfolóxicas
RA3 - Valora o funcionamento do aparello estomatognático en relación coa súa fisioloxía
RA4 - Caracteriza lesións cariosas, en relación cos factores etiopatoxénicos e clínicos
RA5 - Recoñece a doenza periodontal (DP), en relación cos factores etiopatoxénicos e clínicos
RA6 - Identifica alteracións propias da cavidade bucodental, en relación coas súas características patolóxicas
RA7 - Identifica alteracións da cavidade bucodental en relación con patoloxía sistémica
RA8 - Identifica factores de risco en pacientes especiais, en relación coa asistencia prestada

#### 2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Diferenciáronse as fases do desenvolvemento embriolóxico humano
CA1.2 Identificáronse as estruturas embriolóxicas da cabeza e do pescozo
CA1.3 Identificáronse as características embriolóxicas dentarias
CA1.4 Secuenciouse cronoloxicamente a erupción dentaria
CA1.5 Caracterizouse a morfoloxía dos grupos dentarios

Crterios de avaliación do currículo
CA1.6 Descríbóronse os sistemas de nomenclatura dentaria na dentición caduca e definitiva
CA1.7 Identificouse a histoloxía das estruturas bucodentais
CA1.9 Clasificáronse as relacións oclusais e intermaxilares
CA2.1 Descríbóronse as estruturas óseas do cranio e da cara
CA2.6 Descríbiuse a anatomía, a histoloxía e a fisioloxía da cavidade bucal
CA2.7 Descríbiuse a articulación temporomandibular
CA3.1 Descríbóronse as principais estruturas implicadas na respiración
CA3.2 Relacionáronse as estruturas bucodentais coa fonación
CA3.3 Descríbiuse o proceso fisiolóxico da salivación e as estruturas orais implicadas
CA3.4 Descríbiuse a dinámica mandibular
CA3.5 Descríbóronse os procesos de mastigación, deglutición e fonación
CA3.7 Clasificáronse as relacións oclusais e intermaxilares
CA4.1 Identificouse o proceso de formación e patoxenia da placa bacteriana e/ou biofilm
CA4.2 Descríbiuse a etiopatoxenia, a clínica e a evolución das lesións cariosas
CA4.3 Clasificouse a carie segundo os seus factores etiopatoxénicos
CA4.4 Clasificáronse as lesións cariosas segundo a súa situación
CA4.5 Defínronse as repercusións locais, rexionais e sistémicas da carie dental
CA4.6 Relacionouse a influencia da dieta na aparición de carie

Crterios de avaliación do currículo
CA4.8 Descríbóronse as probas diagnósticas para a identificación da carie
CA4.10 Enumeráronse as pautas de prevención e tratamento da carie
CA5.2 Descríbiuse a etiopatoxenia, a clínica e a evolución das lesións en xenxivite e doenza periodontal
CA5.3 Clasificáronse as xenxivites e a doenza periodontal segundo os seus factores etiopatoxénicos
CA5.4 Clasificáronse as repercusións clínicas locais, rexionais e sistémicas da periodontite
CA5.5 Identificáronse as características da periimplantite e mucosite periimplantaria
CA5.6 Descríbóronse as probas diagnósticas para o recoñecemento da DP
CA5.8 Enumeráronse as pautas de prevención e tratamento da periodontite
CA6.1 Clasificáronse as lesións elementais macroscópicas e microscópicas da mucosa bucodental
CA6.2 Identificáronse lesións nos tecidos dentarios
CA6.3 Descríbóronse as neoformacións benignas bucodentais
CA6.4 Clasificáronse as doenzas bacterianas, víricas e fúnxicas da cavidade bucal
CA6.5 Descríbiuse a patoloxía dentaria preeruptiva e posteruptiva
CA6.6 Enumeráronse os traumatismos dentais e esqueléticos
CA6.7 Clasificáronse os tipos de maloclusión dental e as súas consecuencias clínicas
CA6.8 Enumeráronse as manifestacións intraorais na exploración do cancro bucodental
CA6.9 Descríbóronse as posibilidades preventivas e terapéuticas en cada caso
CA7.1 Identificáronse os datos significativos patolóxicos bucodentais e extraorais da anamnese da historia clínica

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA7.2 Descríbóñse patoloxías sistémicas con repercusión directa no sistema estomatognático
CA7.3 Relacionáronse signos e síntomas bucodentais coa afectación do estado xeral do/da paciente
CA7.4 Descríbóñse as lesións das mucosas bucodental e lingual, e de tecidos brandos nas doenzas de orixe extraoral
CA7.5 Identificáronse lesións orais por axentes físicos, mecánicos, alérxicos e farmacolóxicos
CA7.6 Descríbóñse os principais fármacos de tratamento odontolóxico e os fármacos cuxos efectos secundarios comprometan a saúde bucodental
CA7.7 Relacionáronse signos e síntomas bucodentais vinculados ao avellentamento
CA8.1 Descríbóñse as doenzas sistémicas que condicionarán o tratamento odontolóxico
CA8.2 Clasificáronse tratamentos dentais segundo o risco de sangrado e a súa repercusión en pacientes anticoagulados/as
CA8.3 Descríbiuse o correcto manexo do/da paciente anticoagulado/a en operatoria dental
CA8.4 Clasificáronse os procedementos dentais en que está indicada a profilaxe antibiótica de endocardite infecciosa
CA8.6 Descríbóñse os tipos de discapacidades e as súas consideracións terapéuticas odontolóxicas
CA8.8 Descríbóñse as posibilidades preventivas e terapéuticas en cada caso

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Define a secuencia cronolóxica da formación e erupción dentaria, en relación coas fases do desenvolvemento embriolóxico
RA2 - Recoñece as estruturas anatómicas de cabeza e pescozo, e describe as súas características morfolóxicas
RA3 - Valora o funcionamento do aparello estomatognático en relación coa súa fisioloxía
RA4 - Caracteriza lesións cariosas, en relación cos factores etiopatoxénicos e clínicos

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA5 - Recoñece a doenza periodontal (DP), en relación cos factores etiopatoxénicos e clínicos
RA6 - Identifica alteracións propias da cavidade bucodental, en relación coas súas características patolóxicas
RA8 - Identifica factores de risco en pacientes especiais, en relación coa asistencia prestada

### 2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

<b>Criterios de avaliación do currículo</b>
CA1.8 Aplicáronse técnicas de profilaxe para o mantemento da saúde bucodental
CA2.2 Localizáronse os músculos craniofaciais relacionados coa mastigación, a mímica e os movementos mandibulares
CA2.3 Localizáronse os paquetes vasculonerviosos craniofaciais
CA2.4 Localizáronse os compoñentes do sistema linfático
CA2.5 Localizáronse as glándulas salivares e do pescozo
CA3.6 Comprobouse mediante exploración física o funcionamento do aparello estomatognático
CA3.8 Realizáronse probas funcionais da secreción salivar
CA4.7 Realizáronse probas específicas de determinación da susceptibilidade individual á carie
CA4.9 Interpretáronse odontogramas e analizáronse os tipos de lesións cariosas
CA5.1 Identificáronse as estruturas anatómicas comprometidas no proceso clínico das xenxivites e da doenza periodontal
CA5.7 Interpretáronse periodontogramas e analizáronse os graos de DP
CA6.10 Realizouse o rexistro documental das lesións orais

**Crterios de avaliación do currículo**

CA8.5 Deseñáronse protocolos de actuación odontolóxica en situacións especiais como embarazo, drogodependencia ou persoa encamada

CA8.7 Deseñouse un plan de tratamento individualizado en función das condicións fisiolóxicas e patolóxicas do/da paciente

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

1.- Consideranse mínimos exixibles todos os criterios marcados como tales, agás os seguintes:

CA 2.4. Localizáronse os compoñentes do sistema linfático

2.- Tendo en conta o artigo 14, sobre avaliación e cualificación final das probas libres, da Orde do 5 de abril de 2013, os criterios de cualificación serán os seguintes:

\*2.1. Proba escrita:

- Ten carácter eliminatorio e será puntuada de 0 a 10.
- A proba escrita estará baseada nunha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
- Constará de 80 preguntas tipo test, resposta breve, completar ou verdadeiro/falso.
- Cada dúas preguntas contestadas mal, desconta o valor dunha pregunta contestada ben.

Para a superación da proba escrita será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos

\*2.2. Proba práctica:

- Será puntuada de 0 a 10.
- Consistirá na resolución de 2 supostos prácticos.
- Será necesario sacar un mínimo de 5 en cada suposto práctico para superar esta proba. No caso de sacar un mínimo de 5 puntos en cada supostos práctico, a nota final da proba práctica será a media aritmética dos dous supostos prácticos.

A proba organizarase en dúas partes unha teórica e outra práctica, que permitan evidenciar, baseándose nos criterios de avaliación correspondentes, se a persoa aspirante alcanzou os resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo profesional.

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, se cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

Cualificación final: A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais. Obterase mediante da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

\*Características da proba:

Consistirá nunha proba escrita de 80 preguntas tipo test, resposta breve, completar ou verdadeiro/falso.

Cada dúas resposta incorrectas descontará unha correcta. As preguntas non respostadas non restarán.

Non se valoran as respostas con uso de corrector ortográfico, lápiz ou bolígrafos que non sexan azul ou negro.

Non se valoran as preguntas de dificultosa lexibilidade.

A copia de fontes documentais, smartphones e outros dispositivos, ou de outros compañeiros invalida a concurrencia á proba de avaliación.

O alumnado debe acudir á proba de xeito puntual e documentado.

\*Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Bolígrafo azul ou negro

- DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.

##### 4.b) Segunda parte da proba

Unha vez realizada e superada a parte teórica, terá lugar a parte práctica.

\*Características da proba:

Consistirá en supostos prácticos plantexados mediante unha ficha guía que se entregará ó estudante coas actividades e tarefas que debe realizar.

Utilizaráse unha lista de cotexo para avaliar as probas específicas indicadas para esta parte práctica.



No caso de superalas, o peso na cualificación final desta parte da proba é do 50%, correspondendo a un 5.

\*Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento:

Bolígrafo de cores azul ou negro.

DNI ou pasaporte en calidade de documento acreditativo.